



**SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE  
DATA 6 de marzo de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
DONA PAOLA MARIA MOCHALES  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

**SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

**INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 6 de marzo de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 27/02/2017, que se aprobou por unanimidade.

**ASUNTOS DE REXIME INTERIOR**

**PRP2017/980**

Dáse conta do borrador do convenio entre a sociedade **Alvarez Conchado e Hijos, S.A.** e o Concello de Vilagarcía de Arousa para uso de parcelas como zona de aparcamento nas rúas Francisco Porto Rey e Avda. de Cambados. A Xunta de Goberno Local queda sabedora, facendo constar que se procederá á súa aprobación e sinatura unha vez se aporte a documentación precisa.

**PRP2017/981**

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Seguridade Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto, para reposición de espellos e sinalización vertical por importe de 4.000,00€, con cargo á partida 132-22108.

Faise constar que os gastos que superen os 600,00 € deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno Local.

**PRP2017/982**

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Seguridade Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto, para o marcaxe de sinalización horizontal por importe de 15.000,00€, con cargo á partida 132-22108.

Faise constar que os gastos que superen os 600,00 € deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno Local.

**PRP2017/985**

Visto o informe do xefe do Servizo de Alumeado Público, acórdase contratar con Unión Fenosa Distribución, a alta no subministro de enerxía eléctrica para o investimento “Instalación multideportiva A Tomada de San Roque-Carril”, cunha potencia de 31,17kw, polo importe de 655,30€, con cargo á partida 165-213.



#### **PRP2017/986**

Visto o informe do xefe do Servizo de Alumeado Público, acórdase solicitar a Unión Fenosa Distribución, a alta no subministro de enerxía eléctrica para una vivenda de propiedade municipal, con respecto á cal se formalizou un convenio coa Cruz Vermella para o seu uso, mediante pagamento á citada Compañía dos dereitos de extensión, polo importe de 145,07€, con cargo á partida 231-212.

#### **PRP2017/1023**

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Automoción La Junquera, S.L.** para a reparación do camión matrícula 5479-GJC, adscrito ao Departamento de Camións Veciñais, por un importe total de 2.303,21€ (IVE incluído), con cargo á partida 454.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL**

#### **Benestar Social**

##### **PRP2017/998**

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dona Saturnina Abalo González** para instalación de fontanería, sanitarios e gas na vivenda de propiedade municipal con respecto á cal se formalizou un convenio coa Cruz Vermella para o seu uso, por un importe total de 2.123,45 € (IVE incluído), con cargo á partida 231.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

##### **PRP2017/999**

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Mueblería Saavedra, S.L.** para equipamento de mobiliario para a vivenda de propiedade municipal con respecto á cal se formalizou un convenio coa Cruz Vermella para o seu uso, por un importe total de 942,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 231.62500.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

##### **PRP2017/1000**

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Castroman I, S.L.** para subministro de campá extractora para a vivenda de propiedade municipal con respecto á cal se formalizou un convenio coa Cruz Vermella para o seu uso, por un importe total de 90,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 231.62500

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



#### **PRP2017/1001**

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Roberto Ocaña Novoa (Decoración Xiabre)** para limpeza e pintado de paredes e reparación de persianas na vivenda de propiedade municipal con respecto á cal se formalizou un convenio coa Cruz Vermella para o seu uso, por un importe total de 2.250,60 € (IVE incluído), con cargo á partida 231.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2017/1002**

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Limpiezas Mafer, S.L.** para traballos de limpeza na vivenda de propiedade municipal con respecto á cal se formalizou un convenio coa Cruz Vermella para o seu uso, por un importe total de 302,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 231.22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2017/1003**

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Digamel Arousa, S.L.U.** para subministro de materiais para a instalación de electricidade na vivenda de propiedade municipal con respecto á cal se formalizou un convenio coa Cruz Vermella para o seu uso, por un importe total de 363,91 € (IVE incluído), con cargo á partida 231.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2017/1004**

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Cuevas, S.L.** para arranxo de fiestras na vivenda de propiedade municipal con respecto á cal se formalizou un convenio coa Cruz Vermella para o seu uso, por un importe total de 253,17 € (IVE incluído), con cargo á partida 231.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2017/1005**

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cambio de titularidade a nome do Concello en relación aos distintos subministros (auga, saneamento, lixo, electricidade), da vivenda de propiedade municipal con respecto á cal se formalizou un convenio coa Cruz Vermella para o seu uso.

Dar conta á Sección de Rendas e Espina & Delfín, S.L..

#### **PRP2017/1006**



Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a continuidade da prestación do servizo de Telesistencia Domiciliaria para o ano 2017 a través da Entidade **Cruz Vermella**, cun custe por persoa de cada terminal de 17,50 €/mes, sendo beneficiarias na actualidade 15 persoas, polo que o custo anual ascendería a 3.150,00 € (IVE exento), con cargo á partida 231.22725.

#### **PRP2017/1007**

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Pompas Fúnebres de Arosa, S.L.** para a prestación de catro servizos fúnebres para persoas sen recursos por un período de un ano, por un importe total de 2.468,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 231.22725, incluíndo unha distancia de traslado de 60 km. ida e volta e as actuacións indicadas no propio orzamento. Así mesmo no citado orzamento indícase que no caso de máis de 4 servizos ao longo do ano o custe sería a partir do 5º servizo de 342 € (máis IVE) e no caso de traslado de máis de 60 km., increméntase o custe en 1,02 €/km.

#### **Emprego**

##### **PRP2017/1008**

Dáse conta da xustificación final presentada á Deputación Provincial correspondente ó Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2016-Plan Concellos 2016 – Liña 4 (Emprego traballadores/as):

- Subvención ingresada pola Deputación: 322.216,71 €
- Gastos Xustificados: 383.564,94 €
- Aportación Municipal xa aboada: 61.348,23 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

##### **PRP2017/1009**

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 24 de febreiro de 2017, de aprobación de concesión da VI Relación Plan Concellos 2017 (liña 3): Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, polo que se acordou conceder a este Concello unha subvención por importe de 314.331,47 € para a contratación laboral de 34 traballadores/as, cunha xornada de traballo de 37,5 horas e por un período de 8 meses, correspondendo unha aportación municipal por importe de 25.823,17 €:

- 3 Empregados Administrativos en xeral (Ciclo Medio FP Xestión Administrativa)
- 1 Monitor e/ou Animador Deportivo (Ciclo Superior de FP/TAFAD)
- 10 Axudantes Albaneis
- 4 Peóns Forestais
- 2 Pintores e/ou empapeladores
- 4 Instaladores electricistas
- 1 Axudante Auxiliar Carpinteiro
- 1 Axudantes Fontaneiros
- 1 Soldador para arco eléctrico en xeral
- 4 Traballadores de Conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos
- 1 Peón Sepultureiro/enterrador.
- 1 Axudante mantenedor de instalacións deportivas
- 1 Xestor Administrativo Técnico Medio (Diplomado en Dirección e Xestión de Administracións Públicas ou Empresariais ou Económicas)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.



#### **PRP2017/1010**

Dáse conta da Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra, referida ao Plan de Práctica Laboral nos Concellos da Provincia de Pontevedra 2017, que aproba a relación provisional de admitidos e excluídos, especificando o número de bolsas e as titulacións e expresando, no seu caso as causas de exclusión, correspondendo a Vilagarcía de Arousa os/as seguintes bolseiros/as:

- 1 Ciclo Superior en Administracións de Sistemas Informáticos en Rede.
- 1 Diplomatura/Grao en Traballo Social.
- 1 Licenciatura/-Grao en Ciencias da actividade física e do deporte.
- 1 Mestre, especialidade en educación primaria/Grao en educación primaria.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2017/1011**

Dáse conta de Resolución solicitude de aula CeMIT da Directora da AMTEGA, declarando a AULA CEMIT do Concello de Vilagarcía de Arousa como AULA DE REFERENCIA e concedendo así ao Concello unha subvención máxima de 15.000 €, condicionando o seu pagamento ao cumprimento dos seguintes requisitos:

1.- Establecemento dun programa anual de actuacións destinadas á inclusión dixital:

- Alfabetización e capacitación.
- Participación e colaboración de ONGs, Asociacións Empresariais, voluntarios, etc., no desenvolvemento de actividades de inclusión dixital.

2.- O financiamento será compatible con outras axudas establecidas por outras Administracións Públicas, organismos, etc., para o mesmo fin.

3.- Se considerarán gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e que se realicen ata o 31 de decembro de 2017.

4.- Para proceder ó pagamento será necesaria a execución das actividades subvencionadas e na obriga de xustificar esta execución ante a FEGAMP.

5.- A obriga de reintegrar os fondos percibidos no caso de inexecución da actividade subvencionada.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

#### **Educación**

##### **PRP2017/1012**

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Espacio do Lector, S.L.** para o subministro de libros para a súa entrega aos premiados no Concurso de Debuxo de estudantes de educación primaria e secundaria co lema “Alza a túa voz contra o acoso escolar”, por un importe total de 104,97 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.48100.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

#### **Medio Ambiente**

##### **PRP2017/1015**

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **Cogami Reciclado de Galicia, S.L. (COREGAL, S.L.)**, a retirada e xestión do colector de plásticos mesturados do punto limpo, por un importe de 120 €/t (IVE non incluído) no caso de fraccións de plásticos non valorizables e 0 €/t. no caso das fraccións



valorizables, resultando un importe total aproximado de 422,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 170.22700.

## **ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE**

### **Muller e persoas maiores**

#### **PRP2017/1016**

Vista a proposta da Concelleira Delegada da Área de Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **SACENDI, S.L.** para a realización do obradoiro de formación para maiores “Activa o Corpo, Activa a Mente”, que terá lugar 1 día á semana nos meses de marzo, abril, maio e xuño, en dúas sesións grupais de 2 horas cada sesión, por un importe total de 3.702,60 € (IVE incluído), con cargo á partida 2313.22634, debendo realizar a facturación mensualmente.

Acórdase así mesmo fixar un prazo de inscrición dende o 8 ao 16 de marzo.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **Sanidade**

#### **PRP2017/1017**

Dáse conta do escrito da FEGAMP achegando o convenio de asistencia asinado entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, O Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a realización de programas de atención e protección da saúde (Unidades Asistenciais de Drogodependencias), correspondendo a este Concello unha axuda por importe de 395.704,90 € para subvencionar os gastos do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016.

Comunican así mesmo que o adianto será dun 25,6% da cantidade concedida.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **ASUNTOS DE CULTURA**

#### **PRP2017/1018**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro das Bases e Convocatoria do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal para o Exercizo 2017 (Plan Concellos), Liña 2, para a celebración do Combate Naval 2017, por un importe de 18.000,00 €, estimando o orzamento do mesmo en 35.695,00 €.

#### **PRP2017/1021**

Dáse conta de proposta de aprobación do acordo económico-cultural co Padroado da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa, para o ano 2017. A Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o acordo económico cultural, por un importe total de 42,500,00 €, con cargo ás partidas que a seguir se indican, polo que a Banda de Música realizará un mínimo de 34 actuacións, nas condicións establecidas no citado acordo económico cultural, con cargo ás seguintes partidas:

- Con cargo á partida 334.78000: 7.000,00 €, para a adquisición de material instrumental.
- Con cargo á partida 334.48205: 35.500 € para gastos varios e gratificacións dos compoñentes da Banda de Musica.

- O recoñecemento de obrigación a favor do Padroado da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa, polo importe de 21.250,00 €, con cargo á partida 334.48205, de conformidade co establecido nas cláusulas do propio acordo económico cultural”



## **ASUNTOS DE CONTRATACIÓN**

### **PRP2017/1022**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a oferta económica presentada por **D. Joaquín Lustres Carregal**, para redacción de proxecto, dirección de obra, estudo básico de seguridade e coordinación de seguridade e saúde da obra “Instalación de ascensor no Edificio do Centro de Emerxencias”, por un importe total de 2.407,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.640.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.